



Regulación das indemnizacións por razón de servizo do persoal do IES de Catabois

En virtude do disposto no Decreto 144/2001 do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, actualizado pola Resolución do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización, dispóñense as seguintes consideracións:

Primeira. Terá dereito á percepción da indemnización que segundo a citada lexislación lle corresponda, e nos termos fixados na presente regulación, o persoal funcionario do IES que deba desempeñar en comisión de servizo algún dos seguintes cometidos fóra do termo municipal de Ferrol:

- Asistencia a cursos ou actividades de formación, capacitación ou perfeccionamento convocadas polas administracións públicas, así coma reunións informativas ou de coordinación de aspectos relacionados co IES, ás que deba asistir convocado en virtude do cargo ou tarefa que desenvolva ao servizo do centro por disposición da dirección ou órgano superior, quedando excluídos todos aqueles aos que asista por petición propia ou haxa renuncia expresa á citada indemnización.
- Acompañamento do alumnado a actividades complementarias e extraescolares organizadas polo IES. Poderase indemnizar en tódolos casos ata a dous acompañantes, independentemente do número de alumnado participante. Poderase, así mesmo, solicitar indemnización para máis acompañantes, tantos como fose necesario para que non se vexa superada a proporción de 20 alumnos/as por docente acompañante.

Segunda. Os conceptos con dereito a indemnización e as súas contías en territorio nacional para persoal funcionario dos grupos A e B son:

- Aloxamento: 65,97 € cando sexa necesario pasar a noite fóra da residencia habitual e este concepto non estea incluído no orzamento da propia actividade ou cuberto dalgún xeito pola mesma.
- Manutención: 37,40 €
 - Íntegra (100%) cando a actividade implique a xornada completa, dende a mañá ata despois das 21:00 h
 - Metade (50%), se por razón do horario da actividade debe xantar na localidade na que esta ten lugar, ou se iniciándose en horario de tarde, remata despois das 21:00 h
- Gastos de viaxe
 - Locomoción: billete ou pasaxe do correspondente medio de transporte público (coas limitacións recollidas na lexislación citada) ou utilización do vehículo particular (0,19 € por quilómetro)
 - Gastos de peaxe: xustificación documental
 - Gastos de aparcamento: xustificación documental

Terceira. Solicitarase a correspondente indemnización mediante o impreso deseñado a tal efecto, no que quedará constancia do lugar da actividade, motivos, datas, horarios e gastos repercutidos, así como da autorización da dirección, visto e prace da secretaría e conformidade do interesado.

Deberá achegarse o programa/convocatoria da actividade, así como, no caso de actividades de formación e reunións de traballo, o correspondente xustificante de asistencia.



SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR COMISIÓN DE SERVICIO

COMETIDO:			
<input type="checkbox"/> Asistencia a actividade de formación ou reunión en representación do IES (achega convocatoria/programa) <input type="checkbox"/> Achea xustificante de asistencia <input type="checkbox"/> Acompañamento do alumnado a actividade complementaria ou extraescolar organizada polo IES (achega programa)			
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:			
DATAS E HORARIOS:			
			Nº de xornadas:
DATOS DO SOLICITANTE:			
Apelidos:		Nome:	
Teléfono móbil:		Correo:	
Corpo:		Grupo:	
Relación xurídica:			
<input type="checkbox"/> Persoal funcionario de carreira <input type="checkbox"/> Persoal funcionario en prácticas <input type="checkbox"/> Persoal funcionario interino			
LIQUIDACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS:			
<ul style="list-style-type: none"> Aloxamento (cando este concepto non estea sufragado dalgún xeito pola propia actividade) 			
Nº de noites		× 65,97 €/noite	€
<ul style="list-style-type: none"> Manutención 			
Íntegra. Nº de xornadas		× 37,40 €/xornada	€
Metade. Nº de xornadas		× 18,70 €/xornada	€
<ul style="list-style-type: none"> Gastos de viaxe 			
Importe transporte público (Achéganse xustificantes)			€
Vehículo particular. Quilómetros <input type="text"/> × 0,19 €/km			€
Gastos de peaxe (Achéganse xustificantes)			€
Gastos de aparcamento (Achéganse xustificantes)			€
TOTAL			€
MODO DE PAGAMENTO:			
<input type="checkbox"/> Ingreso en conta IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>			
<input type="checkbox"/> Cheque nominativo			

Ferrol, de de 20

Solicitante

Director/a

Secretario/a

Asdo:

Asdo:

Asdo: